

## **Discurso do alcalde, Xulio Ferreiro, en homenaxe a María Pita e aos e ás defensoras da cidade ante o asedio das tropas inglesas en 1589**

Coruñesas, coruñeses, bo día.

Vivimos nunha cidade chea de símbolos, que sabe amosarse ante o mundo e recoñecerse a si mesma cunha diversidade de emblemas que van desde unha camiseta branquiazul ata un faro milenario. Non obstante, no imaxinario coruñés hai séculos que un nome de muller e unha fazaña colectiva e popular quedaron enmarcadas como representación do que fomos, do que somos e do queremos ser no futuro. Por iso, é esta praza de María Pita o recinto apropiado para renderlle homenaxe tanto a quen lle puxo nome como aos e ás defensoras da Coruña ante o asedio de 1589. Hai moitos valores que esta cidade relaciona con aquel fito histórico, e que debemos abordar desde os tempos presentes, como estamos a facer nesta mesma mañá.

Porque se renderlle honra a María Pita e ao pobo humilde e traballador que loitou polo que consideraban a súa liberdade supón sempre un acto de amor por esta cidade, tamén parece relevante que volvamos a remontarnos a esas figuras para abordar a nosa actualidade, que en moitos casos aínda comparte puntos en común co pasado histórico. Por exemplo, no que respecta ao propio feito de ser coruñesa ou coruñés. Hoxe como antes, unha coruñesa pode selo por vivir na Cidade Vella ou tamén pode selo por vivir en Sigrás. A propia María Pita así nolo di, converténdose en símbolo do que agora denominamos Coruña Metropolitana. Porque de Sigrás, no concello de Cambre, procedía a familia de Mayor Fernández de Cámara e Pita e en Sigrás faleceu a propia heroína en 1643. A ninguén se lle ocorre poñer en dúbida a carácter coruñés de María Pita por este feito, como hoxe se sinten coruñeses os habitantes da nosa contorna, residan en Cambre, Oleiros ou Arteixo, Por iso, é hora de afrontar o reto da construción metropolitana e seguir empurrando na dirección de

darlle unha solución legal e administrativa ao que xa é unha realidade entre a nosa veciñanza e que existe desde hai moitos anos.

Porque A Coruña non remata na ponte da Pasaxe, este é, estamos convencidos, o gran desafío, presente e futuro, desta cidade e por iso o levamos xa moitos meses impulsando, en colaboración cos municipios da comarca, o traballo para deseñar e aprobar os instrumentos institucionais que permitan abordar e planificar desde a coordinación e o consenso estratexias de mobilidade, de crecemento económico e de planeamento territorial. Ese instrumento é a Lei da Área Metropolitana da Coruña, o soporte para avanzar nesa Coruña grande do futuro que é, non teño dúbida, a área metropolitana.

E son moitos os elementos que vertebran esta gran Coruña da que estamos a falar. O máis importante, seguramente, sexa o Mar. Ben sexa pola ría -en cuxo saneamento e recuperación debemos implicarnos todas as administración, polo menos coa mesma intensidade coa que xa o está a facer o Concello da Coruña-, ben sexa polo porto, ou pola riqueza natural da súa costa, A Coruña do século XXI ao igual que aquela do século XVI que esta mañá lembramos é un territorio salgado, dominado pola condición portuaria e pola súa íntima relación co mar. Desde o horizonte marítimo, desde Prioriño, avisaban mediante lumeiradas naqueles tempos das invasións que chegaban á cidade e que despois desembarcarían nas Xubias para logo ser derrotadas ao pé da Cidade Alta. Foi o mar o berce da cidade, era o mar elemento central na época de María Pita. A Coruña é océano e é o seu porto. En 1886, o político e xornalista portugués Francisco da Silveira da Mota escribía que “A Coruña, con todo, non é só notable polas súas fazañas guerreiras, que exalta con xustificada fachenda, ou polos seus costumes, crenzas e institucións das xentes diversas que pasaron por ela (...). Atinxe tamén primacía entre as cidades de Galicia polas excelentes condicións do seu porto, que é escala e emporio natural dun amplo comercio, e pola cantidade e importancia dos establecementos industriais”.

Somos unha cidade incomprendible sen o seu porto. A relación co mar, máis alá de ter sido e ser aínda un motor económico fundamental a través da actividade

portuaria, é tamén parte esencial da nosa configuración como cidade atlántica e un eixe clave nas estruturas sociais. É parte da nosa identidade. Por iso, afrontamos nestes días un reto fundamental, e unha oportunidade histórica, que é a de decidir entre todas e todos o futuro do noso bordo litoral e a relación que queremos entre a cidade e o seu porto, entre a cidade e o mar.

É este un desafío transcendental, e así o está entendendo toda a cidadanía, sumándose de xeito masivo a un debate e a unha aspiración que é a de incorporar dende a sustentabilidade, a protección ambiental e o ben común, os terreos portuarios á cidade. Temos a oportunidade de demostrar o que queremos que sexa o noso porto. Se queremos potencialo para que siga producindo riqueza e traballo, como motor capaz de xerar novas oportunidades de emprego e, ao tempo, como novo espazo aberto ao uso de toda a veciñanza, ou un terreo onde transitar por modelos caducos e fracasados, que corren o risco de custionar o dereito á cidade.

Como xa dixeran, reúnenos hoxe aquí A Coruña de María Pita e de calquera dos veciños e veciñas que nela vivimos. O porto ou a área metropolitana son conceptos que podemos ligar ambas épocas. Pero, como xa dixemos o ano pasado neste mesmo acto, non podemos esquecer unha verdade que por simple de enunciar non deixa de resultar complexa na súa plasmación diaria: a nosa cidade ten como heroína a unha muller. E nin antes nin agora resulta doada esta condición. A igualdade efectiva entre homes e mulleres segue a ser hoxe un obxectivo, que debe encararse afrontando as grandes desigualdades que aínda acolle a nosa sociedade: desde a inxente e moi inxusta fenda salarial que resta autonomía a unhas sobre outros ata o teito de cristal que segue a blindar os postos de máis responsabilidade e proxección para os homes. Para avanzar cara a esa igualdade efectiva e non só formal, cómpre que todos nos impliquemos, especialmente as institucións con maiores competencias, capaces de artellar os instrumentos legais e os recursos que fagan que os dereitos duns e doutras deixen de ser diferentes pola mera condición de xénero. Que permitan superar dinámicas baseadas nas desigualdades e dean a todos e todas as mesmas oportunidades. Pero, antes de nada, cómpre asumir o compromiso efectivo de acabar coa violencia que sofren as mulleres: as violencias

machistas, esas que estes días amosaban a súa cara máis cruel co asasinato dun rapaz, un veciño desta cidade, na que é probablemente a peor forma de crueldade contra unha muller e contra unha familia. O agarimo e o apoio que estes días demostrou toda a cidade a esta nai e a esa familia debe vir acompañado de medidas legais e de recursos económicos que permitan abordar desde todas as fronteas as violencias machistas como o que son, un problema social grave que nos afecta a toda a cidadanía. A todas e a todos.

Afrontar e resolver os desafíos e as urxencias sociais é a nosa obriga moral e o mellor legado que podemos deixar ás xeracións vindeiras. Porque a historia non rematou. En 1589, A Coruña completou unha das maiores xestas da súa historia. En 2017, outras moitas páxinas felices están por escribirse. Fagámolo en común, honrando así este orgullo de Pazo e Praza. Ambas de María Pita, símbolo da Coruña.

Moitas grazas.

Xulio Ferreiro  
Alcalde da Coruña